

## DECRETO DA ALCALDÍA

### ASUNTO: PLAN DE ADAPTACIÓN DO ENTROIDO LÚDICO 2022 ÁS RECOMENDACIÓNS E MEDIDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN NON FORMAL, OCIO EDUCATIVO E TEMPO LIBRE ADAPTADAS Á SITUACIÓN COVID-19

#### ANTECEDENTES:

O Entroido Lúdico é unha oferta educativa e de ocio concibida para conciliar a vida laboral e familiar dos veciños e veciñas de Ames durante o período non lectivo das vacacións de Entroido, concretamente para o ano 2022, do 28 de febreiro de 2022 ata o 2 de marzo de 2022. As normas de organización e funcionamento de dito programa están reguladas no “Regulamento de funcionamento dos programas lúdicos do Concello de Ames” publicado no BOP núm. 86, de 8 de maio de 2019

O servizo está dirixido aos nenos e nenas de Ames que durante o prazo de inscrición estean escolarizados no 2º ciclo de Educación Infantil e Primaria.

Segundo establece o artigo 12 de dito Regulamento, os lúdicos desenvólvese en Bertamiráns e no Milladoiro, nos locais habilitados polo Concello e que se farán públicos en cada convocatoria nas oficinas de O Milladoiro e Bertamiráns, e tamén na páxina web do Concello “[www.concellodeames.gal](http://www.concellodeames.gal)”.

Dado o contexto de crise sanitaria derivada do COVID-19 na que aínda nos atopamos, a Concellaría de educación do Concello de Ames tomou a decisión de aplicar aos programa lúdicos os mesmos plans de adaptación ao contexto COVID-19 que se están usando nos centros educativos de infantil e primaria durante o curso 2021/2022.

Non obstante, en relación ao programa “Entroido Lúdico 2022”, houbo modificacións na normativa que hai que ter en conta e que afectan en particular ou uso da máscara nos exteriores.

Estes cambios tiveron lugar a través do Real decreto 115/2022, de 8 de febreiro, polo que se modifica a obrigatoriedade do uso de máscaras durante a situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.

Ante as dúbidas xurdidas no ámbito educativo e a necesidade de interpretación da norma, po parte do Ministerio de Educación e Formación Profesional elaborouse un documento interpretativo que a modo de resumo establece o seguinte:

*1. O uso de máscara en interiores continúa a ser obrigatorio para todas as persoas maiores de 6 anos (e recomendable para maiores de 3 anos) salvo aquelas casuísticas previstas na normativa.*

*2. O uso de máscaras en espazos ao aire libre será obrigatorio naqueles casos específicos nos que se organicen eventos multitudinarios nos que os asistentes estean de pé, ou se están sentados e non se poda manter unha distancia de seguridade de cando menos 1,5 metros entre persoas.*

*Puntualiza o documento que, tendo en conta a definición da OMS de evento multitudinario e dadas as medidas actuais de limitacións en centros educativos, así como a interpretación da norma respecto a eventos multitudinarios, considérase que a interacción nos centros educativos na actividade educativa ordinaria ao aire libre non se corresponde con eventos multitudinarios.*

3. O resto de previsións da Declaración de Actuacións Coordinadas (DAC) en Saúde Pública fronte ao COVID-19 para centros educativos durante el curso 2021-2022 e no documento de “Medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde fronte a COVID-19 para centros educativos”, seguen en vigor. Respecto da limitación de contactos, lémbrese que deberán evitarse de maneira xeral aquelas actividades no centro educativo que supoñan a mestura de alumnado de diferentes grupos de convivencia ou clases; mantendo a distancia interpersoal a excepción das persoas que forman parte dun mesmo grupo de convivencia estable.

A aplicación da medida de limitación de contactos, que establece este último punto do documento do Ministerio de Sanidade, obriga a comunidade educativa a preservar que a interacción sexa por clase ou garantindo unha distancia mínima de 1,5 metros se hai contacto entre distintos grupos burbulla. A este respecto, o Subcomité Clínico da Consellería de Sanidade entende que esta medida diminúe os riscos. Non obstante, co obxectivo de velar pola saúde pública, especialmente do alumnado sen pauta de vacinación completa; e tamén en aras de facilitar a organización nos centros educativos, cando polas súas dimensións ou características nalgún momento puntual tivesen lugar aglomeracións, a recomendación do Subcomité Clínico é que nestes casos si se use a máscara

Dado que os grupos de convivencia cos que imos traballar no Entroido Lúdico son grupos establecidos dentro do propio programa, é dicir, os/as nenos/as que integran estes grupos poden pertencer a distintas clases, niveis e incluso centros, considerase que o mais apropiado é continuar usando as máscaras nas actividades no exterior tal e como recomenda o Subcomité Clínico para os centros escolares.

Por outra banda, mais alá do que o uso ou non da máscara afecta o programa, os plans de adaptación ao contexto COVID-19 inflúen nas ratios monitor/alumno, nos espazos que son necesarios para desenvolver o programa, e nos horarios de entrega e recollida dos nenos, polo que o Concello debe elaborar e facer público o plan de adaptación do programa “Entroido Lúdico 2022” ao contexto sanitario no que nos atopamos.

Á vista de todo o anterior, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Informar que os centros habilitados para a realización do programa son:

#### **Milladoiro**

Escola de Educación Infantil de Milladoiro: para os/as alumnos/as escolarizados durante o curso 2020/2021 nalgún dos niveis do segundo ciclo de educación infantil.

CEP de Ventín: para os/as alumnos/as matriculados/as durante o curso 2020/2021 nalgún dos niveis de educación primaria.

#### **Bertamiráns**

CEIP de Maía: para os/as alumnos/as escolarizados durante o curso 2020/2021 nalgún dos niveis do segundo ciclo de educación infantil e educación primaria.

**Segundo.-** Facer público o plan de adaptación do Entroido Lúdico 2022, que se incorpora como anexo I a este Decreto, á situación da crise sanitaria do COVID-19

**Terceiro.-** Os pais/nais/titores deberán traer cuberto o primeiro día de utilización do programa o documento de “Aceptación de condicións de participación, obriga de información e consentimento informado, para participar na actividade “Entroido Lúdico 2022 do Concello de Ames” que figura como anexo II a este decreto.

O alcalde

José Blas García Piñeiro

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo

**ANEXO I**
**PLAN DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO COVID-19 DO SERVIZO DE CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR “ENTROIDO LÚDICO 2022” DO CONCELLO DE AMES**

A organización dos/s nenos/as que participan no Entroido Lúdico 2022 realizarase en base a grupos estables de convivencia (grupos burbulla), en cuxo ámbito non se aplicarán criterios de limitacións de distancia e no que se deberá garantir a súa estanqueidade en todas as actividades que se realicen dentro do centro educativo no que se desenvolva o programa.

Os grupos estables de convivencia terán en todo momento un distanciamento físico de 1,5 metros respecto do resto dos grupos, e procurarase que nas actividades ao aire libre cada grupo teña unha zona asignada e diferenciada do resto de grupos. Estas zonas iranse rotando entre os grupos para que todos/as poidan disfrutar de tódolos espazos dos que dispón o centro.

Evitaranse aquelas actividades que supoñan unha mestura dos/as nenos/as de diferentes grupos.

En relación ao uso do espazo de comedor, e visto que o número de usuarios/as do programa no lo permite, farase respectando a distancia de 1,5 metros entre usuarios/as ou establecéndose separacións física mediante uso de mámparas naqueles casos onde non sexa posible. Asignaranse postos fixos no comedor para cada neno/a. Os monitores/as encargados/as de atender aos nenos/as durante o uso do comedor, xa sexa no momento do almorzo como no momento da comida, deberán ter un plano onde figuren os postos existentes no comedor e quen ocupa cada posto.

O número de nenos/as que conformarán cada grupo de convivencia será de 25 nenos/as como norma xeral. A ratio de monitores/as será de 2/25 en primaria e en infantil (1/11 en primaria e 1/8 en infantil no caso que haxa grupos que contén cun só monitor/a).

O límite de prazas do Entroido Lúdico definirase por grupo estable de convivencia e por centro.

Os grupos estables de convivencia establécense en función das idades dos nenos/as, polo que ás prazas que haxa nese grupo só poden ser ofertadas aos nenos/as que estean dentro dese grupo de idade concreto e dentro dese centro concreto.

**RECOMENDACIÓNS XERAIS**

Non poderán participar no Entroido Lúdico 2022 o/a neno/a:

- Se é diagnosticado/a positivo/a por COVID-19.
- Se estivo en contacto estreito ou compartindo espazo sen gardar a distancia interpersonal con algunha persoa afectada por COVID-19 nos 10 días previos á súa participación e presenta calquera sintomatoloxía (tose, febre, dificultade ao respirar) que poida estar asociada co COVID-19.

A nai/pai ou titor legal deberán presentar, antes do comezo da actividade, unha declaración responsable, que recollerá os seguintes puntos:

- a) Condicións de saúde do neno/a participante, na que se acredite non padecer ningunha enfermidade contaxiosa, nomeadamente o COVID-19, así como ningunha sintomatoloxía asociada á mesma.
- b) Aceptación, tras información previa por parte da organización, das condicións de hixiene e prevención nas que se vai a desenvolver a actividade.
- c) Aceptación de notificar inmediatamente á organización calquera problema de saúde vinculado ao COVID-19 durante o transcurso do Entroido Lúdico

### ACTUACIÓN ANTE UN POSIBLE CASO DE COVID-19

Existirá unha coordinadora COVID19, que será a responsable da coordinación das medidas de prevención e control da COVID-19 que se establecen neste documento.

En caso de que, durante o período de actividades, un neno ou nena inicie síntomas (tose, febre, dificultade para respirar, etc.) acompañaráselle a un espazo separado ata que cheguen os seus proxenitores ou titores, que deberán acudir o antes posible.

O persoal monitor encargado do grupo no que estivese o neno ou nena e a coordinadora COVID-19, encargaranse de revisar o círculo de contactos estreito do grupo do neno/a posible afectado/a. Mentres non se descarte que se trata dun caso infeccioso por COVID-19, procurarase que os seus posibles contactos estreitos teñan a menor interacción posible co resto dos participantes.

### MEDIDAS DE PREVENCIÓN E DE HIXIENE

- Empregarase a máscara en todas as actividades, tanto por parte do persoal monitor como das persoas participantes a partir de 6 anos, tanto nas actividades que se realicen no interior como no exterior. No ciclo de infantil, recoméndase o uso de máscara nos interiores.
- O acompañamento por parte dos pais ou titores do/a menor participante tense que facer con máscara e

seguindo as indicacións sinalizadas en cada centro e sempre mantendo unha distancia de 2 metros ata a entrada ao recinto onde pode deixar o neno ou nena. O neno ou nena deberá vir acompañado unicamente por unha persoa responsable (pai/nai/titor legal). O mesmo criterio será de aplicación para a súa recollida.

- Os horarios de entrada e saída en cada centro serán os que se indican a continuación (non obstante poderán sufrir modificacións segundo o número de participantes no programa):

### **HORARIO ESPECÍFICO DE CADA CENTRO**

#### **HORARIOS DA EEI MILLADOIRO:**

Bos días: 7:30 - 9:00 Porta principal

Entrada: 9:00 – 9:30 Porta principal

Saída sen xantar: 14:00 - 14:30 Porta principal

Saída con xantar: 15:00 – 16:00 Porta principal

#### **HORARIOS CEIP VENTÍN:**

Bos Días: 7:30 – 9:00 Porta do comedor

Entrada: 9:00 – 9:30 Porta do pavillón (accédese dende a explanada para aparcar)

Saída sen xantar: 14:00 – 14:30 Porta do pavillón

Saída con xantar: 15:00 – 16:00 Porta do pavillón

#### **HORARIOS CEIP MAÍA:**

Bos Días: 7:30 a 9:00 Porta principal do comedor

Entrada: 9:00 a 9:30

Infantil: porta principal do comedor

Primaria: porta do comedor fronte ao patio cuberto

Saída sen xantar: 14:00 a 14:30

Infantil: Patio cuberto (porta principal)

Primaria: Patio cuberto (porta lateral, acceso pola rampa)

Saída con xantar: 15:15 a 16:00

Infantil: Patio cuberto (porta principal)

Primaria: Patio cuberto (porta lateral, acceso pola rampa)

- Os nenos e nenas deberán traer unha mochila ou bolsa que permita meter todas as súas pertenzas, de maneira que non estean en contacto coas dos seus compañeiros e compañeiras.

- Tanto os monitores/as como os participantes aseguraranse de levar sempre consigo unha máscara limpa. Os nenos e nenas deberán traer dúas máscaras metidas en bolsas individuais, de maneira que lle facilite ao neno/a collelas e gardalas, sen que se produza contaminación do resto das súas pertenzas.
- Dentro das medidas establecidas para a COVID-19 pídesse que cada participante teña material de uso individual, non compartido. Polo que solicitamos que os nenos e nenas traían ao “Entroido Lúdico” un estoxo con pinturas, lapis, goma, afialapis, pegamento, pincel, tesoura. O resto do material proporcionarao a empresa encargada de levar a cabo as actividades.
- Adaptaranse as actividades ás medidas e recomendacións marcadas polas autoridades sanitarias e revisaranse as actividades a desenvolver.
- Á hora de realizar as actividades específicas da programación, tentaranse que estas se leven a cabo en espazos ao aire libre.
- Ao inicio do Entroido Lúdico o equipo de monitores/as fará unha charla informativa aos menores participantes, sobre como cumprir as medidas de seguridade e prevención. Farase fincapé principalmente na responsabilidade individual e a importancia de seguir as normas de hixiene e convivencia.
- As zonas onde se fai o lavado de mans estará dotadas de xabón e toallas de papel. Levarase a cabo unha hixiene de mans frecuente con auga e xabón ou solucións hidroalcohólicas e realizarase tras cambiar de actividade, antes e despois das comidas e despois de ir ao lavabo.
- Manteranse, sempre que sexa posible, as portas abertas para evitar o contacto cos tiradores, ademais de permitir a ventilación dos espazos pechados nos que se desenvolvan as actividades.
- Utilizaranse desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrado polo Ministerio de Sanidade, respectando as indicacións da etiqueta para limpar as superficies, así como todo elemento que poda ser utilizado para as actividades susceptibles de intercambio para previr risco de contaxio.
- Non está permitido traer xoguetes ou calquera outro obxecto de xogo da casa.
- A comida non poderá ser compartida. Ademais non se realizarán actividades que impliquen compartir comida ou coller obxectos coa boca ou similar. Tampouco se levarán a cabo obradoiros de cociña.
- Elimínase o lavado de dentes.

## ANEXO II

### ACEPTACIÓN DE CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN, OBRIGA DE INFORMACIÓN E CONSENTIMENTO INFORMADO, PARA PARTICIPAR NA ACTIVIDADE “ENTROIDO LÚDICO 2022” DO CONCELLO DE AMES

Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns    concellodeames@concellodeames.gal    Telf: 981 883 002  
15220 AMES (A Coruña)    Fax: 981 883 925

6

HASH DO CERTIFICADO:  
0FD2C3778C7B204298B5CEED09905C886F2BBDE1  
DCAF08587B6280B37A145073275F726E60DDB4CA

POSTO DE TRABAJO:  
Alcalde  
Secretaría

NOME:  
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS  
PRADA QUEIPO, ROSA ANA

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOCZ73ED1880929B0B439C





D/D<sup>a</sup> ..... con DNI/NIE ..... como  
 proxenitor/titor-a da persoa participante (menor de idade):  
 D/D<sup>a</sup> .....

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CONDICIÓN DE SAÚDE**

- Declaro que a persoa participante non está diagnosticada de Covid-19, non presenta sintomatoloxía asociada a este virus (tose, febre, dificultade ao respirar, etc.) nin a presentou nos días previos á data de entrada nesta actividade e non padece ningunha outra enfermidade contaxiosa.
- Comprométome a notificar inmediatamente á organización calquera problema de saúde vinculado ao COVID-19 durante o transcurso da actividade.

**DECLARACIÓN DE COÑECEMENTO DOS RISCOS PARA PERSOAS VULNERABLES** (marcar no caso de ser ou convivir con PERSOA VULNERABLE: persoa maior de 60 anos/ persoa diagnosticada de hipertensión arterial, diabetes, enfermidades cardiovasculares, enfermidades pulmonares crónicas, cáncer, inmunodeficiencias/muller embarazada/ persoa con afeccións médicas anteriores).

- Sendo, a persoa participante, persoa vulnerable e/ou convivinte cunha persoa vulnerable, declaro que son consciente do risco que corre tanto a persoa vulnerable participante como as persoas vulnerables coas que convive.

**ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓN PERSOAS DE HIXIENE E PREVENCIÓN FRONTE AO COVID-19**

- Lin e acepto as condicións de hixiene e prevención nas que se vai desenvolver a actividade.

**DECLARACIÓN DE QUE LEU E ACEPTA A INFORMACIÓN PROPORCIONADA POLA ORGANIZACIÓN SOBRE A ADAPTACIÓN DA ACTIVIDADE AO COVID-19**

- Declaro que lin a información de adecuación da actividade ao COVID-19 e que polo tanto teño coñecemento pleno e estou de acordo coas medidas e procedementos que se propoñen.
- Declaro que lin o plan de actuación en casos de emerxencia ou risco de contaxio da entidade responsable da actividade.

**CONSENTIMENTO INFORMADO SOBRE COVID-19**

HASH DO CERTIFICADO:  
 OFD2C3778C7B204298B5CEED09905C886F2BBDE1  
 DCAF08587B6280B37A145073275F726E60DDB4CA

POSTO DE TRABALLO:  
 Alcalde  
 Secretaria

NOME:  
 GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS  
 PRADA QUEIPO, ROSA ANA

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOCZ73ED1880929B0B439C





Declaro que, logo de recibir e ler atentamente a información contida nos documentos anteriores, son consciente dos riscos que implica, para a persoa participante e para as persoas que conviven con el, a participación na actividade no contexto da crise sanitaria provocada polo COVID-19, que asumo baixo a miña propia responsabilidade.

En ....., a..... de..... de.....

HASH DO CERTIFICADO:  
0FD2C3776C7B204298B5CEED09905C886F2BBDE1  
DCAF08587B6280B37A145073275F726E60DDB4CA

POSTO DE TRABALLO:  
Alcalde  
Secretaría

Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - <https://sede.concellodeames.gal> - Código Seguro de Verificación: 15220IDOCZ73ED1880929B0B439C

NOME:  
GARCIA PIÑEIRO, JOSE BLAS  
PRADA QUEIPO, ROSA ANA

